

Bos días a todos e a todas:

Debido a situación excepcional que estamos a vivir, a continuación envío unhas recomendacións xerais para seguir traballando co alumnado durante os 14 vindeiros días lectivos.

1. Falar moito cos/coas nosos/as fillos/as. Intercambiar ideas, opinións, sentimentos... Indicar nun calendario o día que é, en que mes e estación estamos, que hora é, calcular o tempo transcorrido (pasou media hora, un cuarto de hora, unha hora)...

2. Lectura comprensiva en familia de diferentes tipos de texto (poesía, narrativa, textos teatrais...). É moi importante que o alumnado lea tódolos días en voz alta coidando a entoación, a velocidade lectora e a comprensión. Procurarase a lectura por palabras enteiras e non silabando. Tamén podemos:

- Dar resposta a preguntas relacionadas cun texto.
- Describir ás personaxes (física e psicolóxicamente), paisaxes...
- Inventar un final diferente e ilustralo.
- Facer unha obra de teatro partindo do conto ou lectura.

3. Escritura funcional respectando a tipoloxía de cada texto e coidando a caligrafía. Facer moito fincapé no uso das maiúsculas e no punto. Escribir:

- Cartas.
- Notas.
- Felicitacións/ invitacións.
- Poemas.
- Receitas de cociña.
- A lista da compra.
- Pequenos experimentos.
- Noticias.
- Regras dun xogo.
- Normas.
- Descricións: mascota, familiares, amigos...
- Escribir un conto de animais.

4. Traballar a numeración ata o número 999.

- Series: a partir dun número dado contar +2, +5, +10, +50, +100... e tamén cara atrás (-8, -9...).
- Agrupar decenas e centenas con palillos.
- Ordenar de maior a menor e viceversa.
- Número anterior e posterior.
- Números pares e impares.
- Xogos para aprender as táboas (poden crear unha baralla das táboas, por un lado levará por exemplo 5x4 e por detrás a solución. O que presenta a carta debe acertar a solución, se falla recolle as cartas que están sobre a mesa).
- Traballar a metade. A/o nena/o repartirá entre dúas persoas x obxectos dados.
- Sumas e restas levando indicadas.
- Resolución de problemas matemáticos relacionados coa vida cotiá (a/o alumna/o pode inventar problemas que posteriormente resolverá).
- Xogos matemáticos nos que sexa necesario facer pequenas e sinxelas sumas e restas (cálculo mental) con números baixos: baralla española, oca, parchís, dominó... e outros que poidades ter na casa.
- Xogos con moedas (comprar e vender).
- Medir obxectos cunha regra.

5. Actividades plásticas relacionadas co debuxo libre con diferentes soportes e materiais (cartón, pegamentos, pinturas, rotuladores...), creacións en 3D (plastilina, barro...) e creación de manualidades con material de refugallo.

6. Na área de naturais iniciamos o tema dos animais. Os contidos a traballar serían: animais domésticos e salvaxes, ovíparos e vivíparos, herbívoros, carnívoros e/ou omnívoros e invertebrados e vertebrados (peixes, aves, mamíferos, anfibios e réptiles). Poden facer un pequeno proxecto ou un lapbook (tendes ideas na rede).

Esperamos que esta situación remate axiña e as nenas e os nenos poidan voltar ao centro o antes posible.

Eu estarei ao voso servizo estes días no enderezo patricia.negreira@edu.xunta.es. Non dubidedes en solicitar axuda se así o precisades. Contaredes con ela sen ningún tipo de dúbida.

Agradezo o voso papel nestes difíciles momentos.

Un saúdo e espero que todo vaia ben.

Patricia Negreira Souto.

Titora de 2º nivel.